INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
(Expte. PR-2026-002-M)

ANTECEDENTES

Primeiro. Solicitude de informe

Esta dirección xeral, o 29.05.2025, recibe escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, solicitando informe sobre a modificación da relación de postos de traballo da consellería.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Anexo de postos e táboa de equivalencias
- Relación de postos amortizados, modificados e creados
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 23.04.2026

O 26.06.2026 presentaron outra memoria económica financieira e o 30.06.2026 outra memoria funcional.

Segundo. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de data 05.06.2026, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes consellerías:

- **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Consellería de Política Social e Igualdade
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril). Este decreto foi modificado polo Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 51, do 14 de marzo) suprimindo o organismo autónomo Instituto Galego de Estatística de entre as adscricións á Consellería de Facenda e Administración Pública.

Este decreto, no artigo 1, establece que a **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Secretaría Xeral para o Deporte
3. Dirección Xeral de Xustiza
4. Dirección Xeral de Administración Local
5. Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
6. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
7. Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
8. Dirección Xeral de Mobilidade

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bto6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

Están **adscritos** a esta consellería:
1. O organismo autónomo Academia Galega de Seguridade Pública
2. A Axencia Galega de Emerxencias

Terceiro. Decreto de estrutura orgánica

A actual estrutura orgánica da consellería está establecida **no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** (DOG núm. 101, do 27 de maio). Posteriormente foi modificada polos decretos:

- Decreto 73/2025, do 4 de agosto (DOG núm. 154, do 13 de agosto)
- Decreto 67/2026, do 22 de xuño, polo que se modifica o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 120, do 30 de xuño)

Cuarto. Obxecto do informe

- **Cuarto.1**

  O obxecto principal da presente modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é, segundo recollen na memoria funcional, adecuala aos cambios introducidos polo **Decreto 67/2026, do 22 de xuño, polo que se modifica o Decreto 136/2024, do 20 de maio**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e **outras necesidades funcionais e reorganizativas**.

  A presente modificación da relación de postos de traballo contén creacións, amortizacións e amortizacións.

  - **Creación de 8 postos**
    - 1 posto de xefatura de servizo
    - 1 posto de arquitecto/a de funcións facultativas
    - 1 postos de técnico/a de funcións facultativas
    - 2 postos de xefatura de sección
    - 3 postos de xefatura de negociado

  - **Amortización de 4 postos**
    - 1 posto de xefatura de área

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

- 1 xefatura de grupo
- 1 posto base subgrupo C2
- 1 posto de subalterno

- **Outras modificacións:** cambios de denominación, recodificacións, observacións, ...

Quinto. Creacións, amortizacións e modificacións

- **Quinto.1 Creacións**

Forma parte desta proposta a creación de **8 postos** de traballo cuxa clasificación completa e detallada figura no anexo a este informe.

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA	ADSCRICIÓN ADM. PÚB. FORMACIÓN OBSERVACIÓNS
DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA					
• **SUBDIRECCIÓN XERAL DE MEDIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**					
ARQUITECTO/A FUNCIÓNS FACULTATIVAS PR.C04.00.002.15770.002	C	26	A1	ESA	AXG
DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR					
• **SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E PROTECCIÓN CIVIL**					
XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN DE RISCOS II PR.C07.00.002.15770.012	C	25	A1-A2	EME/ESE	A11 640 HORARIO ESPECIAL (1)
XEFATURA SECCIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL II PR.C07.00.002.15770.032	C	25	A1-A2-C1	XERAL	AXG
XEFATURA NEGOCIADO I PR.C07.00.002.15770.003	C	18	A2-C1-C2	XERAL	AXG
XEFATURA NEGOCIADO II PR.C07.00.002.15770.004	C	18	A2-C1-C2	XERAL	AXG
XEFATURA NEGOCIADO III PR.C07.00.002.15770.005	C	18	A2-C1-C2	XERAL	AXG

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA	ADSCRICIÓN ADM. PÚB. FORMACIÓN OBSERVACIÓNS
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO					
XEFATURA SERVIZO DE OBRAS E INFRAESTRUCT. ADMTVAS. PR.C99.10.000.27001.244 **(2)**	CE	28	A1-A2	EMA/EME2/ESA /ESE3	AXG HORARIO ESPECIAL **(3)**
TÉCNICO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS PR.C99.10.000.27001.245	C	22	A2	EMA/EME2	AXG HORARIO ESPECIAL **(4)**

(1) Horario especial. Segundo recollen na memoria funcional a asignación de horario especial a este posto xustificase "polas funcións de análise, avaliación e seguimento de riscos en situacións de emerxencia inherentes a esta praza. Estas funcións presentan un carácter dinámico e imprevisible, vinculado á evolución dos incidentes, polo que non poden limitarse estritamente a unha xornada en horario de mañá.

Tendo en conta o anterior, o correcto desempeño das funcións esixe, polo tanto, unha especial flexibilidade horaria e capacidade de resposta inmediata ante situacións de emerxencia, garantindo en todo momento a continuidade na análise e xestión dos riscos.

Establécese como franxa horaria de referencia a comprendida entre as 8:00 e as 20:00 horas, dentro da cal se desenvolven a maior parte das actividades que xeran riscos de protección civil. A natureza das funcións require dispoñibilidade para a adaptación do horario dentro desta franxa, así como a posibilidade de mobilización fóra dela cando as circunstancias operativas así o esixan".

(2) Posto correspondente a **órgano creado polo Decreto 67/2026, do 22 de xuño**, polo que se modifica o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

(3) (4) Segundo recollen na memoria funcional a asignación de **horario especial** a estes postos xustifícase en que "requiren unha eventual flexibilidade horaria derivada das funcións de supervisión, coordinación e seguimento das obras, incidencias e actuacións de mantemento nos edificios administrativos e xudiciais da provincia, así como da necesaria coordinación con empresas adxudicatarias e distintos órganos administrativos. A dispersión xeográfica das sedes e a natureza das funcións encomendadas implican que a prestación do servizo non poida limitarse estritamente a unha xornada en horario de mañá.

Establécese como franxa horaria de referencia a comprendida entre as 8:00 e as 20:00 horas. A natureza das funcións require dispoñibilidade para a adaptación do horario dentro desta franxa."

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

CÓDIGOS

ESE	ESPECIAL (ESC. ENXEÑARÍA)
EME	ESPECIAL (ESC. ENXEÑARÍA TÉCNICA)
EMA	ESPECIAL (ESC. ARQUITECTURA TÉCNICA)
EME2	ESPECIAL (ESC. ENXEÑERÍA TÉCNICA - ESP. ENX. TÉCNICA INDUSTRIAL)
ESA	ESPECIAL (ESC. ARQUITECTURA)
ESE3	ESPECIAL (ESC. ENXEÑERÍA - ESP. ENX. INDUSTRIAL)
A11	ADSCRICIÓN INDISTINTA A PERSOAL FUNCIONARIO DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
640	PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).

En relación aos **horarios especiais** destes postos de traballo, **cómpre ter en conta o establecido en canto á duración máxima da xornada laboral** na Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro), modificada pola orde do 29 de decembro de 2023 (DOG núm. 5, do 5 de xaneiro de 2024).

- **Quinto.2 Amortizacións**

A presente modificación de postos de traballo recolle as seguintes amortizacións:

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	SUBG.	NIVEL	CORPO/ESCALA
VICESECRETARÍA XERAL	PR.C02.00.001.15770.007	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12	XERAL
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PR.C02.00.005.15770.052	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN I	C1-C2	14	XERAL
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	PR.C04.00.001.27001.200	SUBALTERNO	AP	10	XERAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO	PR.C99.10.000.27001.243 (*)	XEFATURA ÁREA DE OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADMINISTRATIVAS	A1-A2	26	EMA/EME2/ ESA/ESE3

(*) <u>Posto vacante ocupado en comisión de servizos por persoal doutra consellería</u>. Debe de constar no expediente a previa comunicación da amortización á persoa ocupante e á súa consellería de procedencia.

CÓDIGOS

ESA	ESPECIAL (ESC. ARQUITECTURA)
ESE3	ESPECIAL (ESC. ENXEÑARÍA - ESP. ENX. INDUSTRIAL)
EMA	ESPECIAL (ESC. ARQUITECTURA TÉCNICA)
EME2	ESPECIAL (ESC. ENXEÑARÍA TÉCNICA - ESP. ENX. TÉCNICA INDUSTRIAL)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

- **Quinto.3 Modificacións**

A presente modificación de postos de traballo recolle as seguintes modificacións:

DENOMINACIÓN-CÓDIGO	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (anterior)	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (novo)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA		
XEFATURA SERVIZO OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADMINISTRATIVAS PR.C99.10.000.15001.250	EMA/EME2/ESA/ESE3 AXG HORARIO ESPECIAL	A11 640 HORARIO ESPECIAL
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.15001.290	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL A12-A17 640
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO		
OFICIAL 2ª MANTEMENTO PR.C99.10.000.27001.220	EDT AXG HORARIO ESPECIAL // XORNADA ESPECIAL	HORARIO ESPECIAL // XORNADA ESPECIAL // AMORTIZAR CANDO SEXA VACANTE (***)
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.27001.221	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL A12-A17 640
DEPARTAMENTO TERRITORIAL OURENSE		
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.32001.204	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL A12-A17 640
DEPARTAMENTO TERRITORIAL PONTEVEDRA		
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.36001.211	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL A12-A17 640
COMPLEXO DEPORTIVO MONTERREI		
SUBALTERNO/A PR.C99.40.501.32570.101	AP XERAL AXG OCUPADO POR TRABALLADOR/A: GRUPO IV, CATEGORÍA 6, EN VIRTUDE DE SENTENZA XUDICIAL (*)	AP XERAL AXG HORARIO ESPECIAL (**)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

DENOMINACIÓN-CÓDIGO	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (anterior)	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (novo)
EDIFICIOS XUDICIALES DE PONTEVEDRA		
LIMPADOR/A PR.C99.10.001.36001.145	AP XELC AXG **5 HORAS** DIARIAS	AP XELC AXG **7 HORAS** DIARIAS
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA		
MÉDICO/A PR.C99.40.501.36001.101	ESS1 AXG 278-399-648 **XORNADA PARTIDA**	ESS1 AXG 278-399-648
ENFERMEIRO/A PR.C99.40.501.36001.104	EMS1 AXG 648 **CANDO SEXA VACANTE PASAR A "XORNADA PARTIDA"**	EMS1 AXG 648

(*) **Elimínase** a observación do posto de traballo por xubilación da persoa titular.

(**) De acordo coa memoria funcional engádese o **horario especial** homoxeneizando esta observación ao resto dos postos do Complexo Deportivo Monterrei:

> "O Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei abre todos os días do ano a excepción do 24, 25 e 31 de decembro e os días 1 e 6 de xaneiro, con dous horarios distintos ao longo do ano que se adaptan ao cambio de hora oficial, dende o mesmo día en que este se produce. O horario de inverno é de 09:00h a 21:00h e o de verán de 09:00h a 22:00h.
>
> O persoal do complexo, agás o/a encargado/a do establecemento, independentemente da categoría que ocupen, encárganse de cubrir tamén as quendas de fin de semana e os festivos. Os fins de semana cóbrense con unha persoa e as tardes de luns a venres con dúas, polo que este posto debe incluír o correspondente HORARIO ESPECIAL, que sí teñen as outras prazas de subalterno/a do mesmo complexo".

(***) De acordo coa memoria funcional o posto **quedará vacante** en setembro deste ano 2026 por xubilación da persoa titular.

CÓDIGOS

A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
A12 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E ADMINISTRACIÓN LOCAL.
A17 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E PERSOAL DOCENTE CON DESTINO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
ESA ESPECIAL (ESC. ARQUITECTOS)
ESE3 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. INDUSTRIAL)
EMA ESPECIAL (ESC. ARQUITECTOS TÉCNICOS)
EME2 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA INDUSTRIAL)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

EMS1 ESPECIAL (ESC. TÉCNICOS FACULTATIVOS - ESP. ENFERMARÍA)
EDT ESPECIAL (ESC. AUXILIAR DE MANTEMENTO)
ESS1 ESPECIAL (ESC. FACULTATIVOS - ESP. MEDICINA)
XELC XERAL (ESC. PERSOAL LIMPEZA E COCIÑA E REC. NAT. - ESP. LIMPEZA E COCIÑA)

278 COÑECEMENTOS E/OU EXPERIENCIA EN MATERIA DE MEDICINA DEPORTIVA, NUTRICIÓN OU CARDIOLOXÍA (MÉRITO).
399 ESPECIALIDADE EN MEDICINA DEPORTIVA / MÁSTER EN MATERIA DE MEDICINA DEPORTIVA (MÉRITO).
648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R.I.·)

Sexto. Portos abertos a outras administracións

A presente modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes recolle a creación e/ou modificación de postos de traballo **abertos a outras administracións**:

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA	ADSCRICIÓN ADM. PÚB. FORMACIÓN OBSERVACIÓNS
DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR					
• **SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E PROTECCIÓN CIVIL**					
XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN DE RISCOS II PR.C07.00.002.15770.012	C	25	A1-A2	EME/ESE	A11 **(1)** 640 HORARIO ESPECIAL

DENOMINACIÓN-CÓDIGO	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (anterior)	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (novo)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA		
XEFATURA SERVIZO OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADMINISTRATIVAS PR.C99.10.000.15001.250	EMA/EME2/ESA/ESE3 **AXG** HORARIO ESPECIAL	**A11 (2)** **640** HORARIO ESPECIAL
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.15001.290	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL **A12**-A17 **(3)** 640
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO		
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.27001.221	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL **A12**-A17 **(4)** 640
DEPARTAMENTO TERRITORIAL OURENSE		
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.32001.204	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL **A12**-A17 **(5)** 640

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

DENOMINACIÓN-CÓDIGO	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (anterior)	CORPO/ESCALA ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA FORMACIÓN ESPECÍFICA OBSERVACIÓNS (novo)
DEPARTAMENTO TERRITORIAL PONTEVEDRA		
XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE PR.C99.10.000.36001.211	XERAL/DOCENTE A17 640	XERAL A12-A17 (6) 640

(1) Xefatura Sección Avaliación de Riscos II. Segundo recollen na memoria funcional a apertura deste posto a **A11 (indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA)** resulta para manter a mesma adscrición coa outra Sección de Avaliación de Riscos (existente) e tamén para facilitar a cobertura ao tratarse dun posto aberto só a escalas técnicas.

(2) Xefatura Servizo Obras e Infraestruturas Administrativas. Segundo recollen na memoria funcional a apertura deste posto a **A11 (indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA)** constitúe "unha medida organizativa proporcionada e adecuada que favorece unha maior concorrencia profesional cualificada, facilita a cobertura efectiva do posto e contribúe á mellora da eficiencia na xestión dos recursos públicos, permitindo incorporar perfís profesionais con experiencia técnica especializada plenamente acorde coas funcións asignadas."

(3) (4) (5) (6) Xefaturas Servizo de Deporte dos 4 Departamentos Territoriais. Segundo recollen na memoria funcional a apertura deste posto a **A12 (indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado, CC.AA e Administración Local)** xustifícana do seguinte xeito:

> "A presente proposta ten por obxecto a modificación do código de administración de adscrición do posto de Xefatura de Servizo de Deporte nos Departamentos Territoriais da Consellería, co fin de permitir a súa cobertura por persoal funcionario pertencente á Xunta de Galicia, á Administración Xeral do Estado, ás comunidades autónomas e, de maneira especialmente relevante, á Administración local, mantendo a posibilidade de ser cubertos por persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.
>
> A natureza funcional destes postos responde a unha **realidade claramente transversal e interadministrativa**, propia do sistema público deportivo, no que concorran competencias, actuacións e responsabilidades compartidas entre os distintos niveis de goberno. Neste contexto, a xestión pública deportiva non pode ser entendida desde unha perspectiva exclusivamente autonómica, senón que **require unha visión integrada, coordinada e multinivel, coherente coa propia configuración do sistema deportivo.**

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bto6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

Debe subliñarse, con especial intensidade, **o papel nuclear da Administración local no desenvolvemento das políticas deportivas**, en tanto que é o nivel administrativo máis próximo á cidadanía e o que, de maneira directa e inmediata, planifica, impulsa e xestiona unha parte substancial das actividades deportivas. Son os concellos e entidades locais os que:

- Xestionan e manteñen a maior parte das infraestruturas deportivas de base.
- Promoven o deporte escolar, afeccionado e de participación cidadá.
- Coñecen de primeira man as necesidades reais da poboación en materia deportiva.
- Actúan como canle principal de relación co tecido asociativo, clubs e federacións no ámbito territorial.
- Desenvolven, na práctica, unha función esencial de vertebración social a través do deporte.

Esta proximidade ao territorio, ás persoas usuarias e á realidade material na que se desenvolven as actividades deportivas constitúe un valor engadido de extraordinaria relevancia para o desempeño das funcións propias das Xefaturas de Servizo de Deporte. O **coñecemento directo do terreo, das dinámicas locais, das instalacións e dos axentes deportivos permite unha mellor planificación, unha execución máis eficaz das políticas públicas e unha resposta máis axustada ás necesidades reais**.

En consecuencia, a apertura destes postos á Administración local non só resulta xustificada, senón claramente necesaria, na medida en que permite incorporar perfís profesionais cunha experiencia práctica especialmente valiosa, complementaria á adquirida nos ámbitos autonómico e estatal, reforzando así a calidade técnica e a capacidade operativa dos servizos territoriais.

Do mesmo xeito, a experiencia profesional adquirida no ámbito da Administración Xeral do Estado e doutras comunidades autónomas resulta igualmente transferible, ao compartiren marcos normativos básicos, procedementos administrativos comúns e instrumentos de planificación e xestión propios do sector público deportivo. Todo isto configura un espazo funcional común no que a especialización e o coñecemento son plenamente aproveitables con independencia da administración de procedencia.

Non se identifican, por tanto, elementos funcionais, competenciais nin organizativos que xustifiquen a limitación do ámbito de provisión exclusivamente ao persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Pola contra, a realidade actual das políticas deportivas, caracterizadas pola súa interdependencia e pola necesidade de coordinación permanente, aconsella adaptar o réxime de adscrición dos postos a esta dimensión interadministrativa.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bto6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

A modificación proposta permitirá:

- Incrementar de maneira significativa o número de persoas candidatas con experiencia acreditada na xestión pública deportiva.
- Facilitar a cobertura efectiva dos postos, evitando disfuncións organizativas derivadas de vacantes prolongadas.
- Reducir a dependencia de mecanismos provisionais de cobertura.
- Incorporar perfís profesionais con coñecementos complementarios e experiencias diversas.
- Mellorar a capacidade de interlocución cos distintos niveis administrativos, especialmente co ámbito local.

Adicionalmente, esta medida contribúe a reforzar a coordinación territorial e a coherencia das políticas públicas deportivas, favorecendo:

- A transferencia de coñecemento e boas prácticas entre administracións.
- A homoxeneización de criterios de xestión.
- Un enfoque máis integrador e realista das necesidades do sistema deportivo.
- O fortalecemento da cooperación institucional e da lealdade interadministrativa.

A **apertura a A12 non supón restrición ningunha** para o persoal propio da Xunta de Galicia, senón unha ampliación do espazo concorrencial en condicións de igualdade, conforme aos principios de mérito e capacidade, reforzando ao mesmo tempo a transparencia e a competencia na provisión dos postos.

Desde a perspectiva dos principios reitores do emprego público, a modificación resulta plenamente conforme con:

- O principio de igualdade, mérito e capacidade.
- A eficiencia na utilización dos recursos humanos públicos.
- A mobilidade interadministrativa como instrumento de modernización.
- A adecuada correspondencia entre as funcións dos postos e os perfís profesionais requiridos.

En definitiva, trátase dunha medida proporcionada, necesaria e axeitada á realidade do sistema deportivo, que non altera a estrutura organizativa nin implica incremento de gasto público, pero que introduce unha mellora cualitativa relevante na capacidade de xestión, coordinación e prestación do servizo público deportivo, especialmente no ámbito territorial, onde a conexión coa realidade local resulta determinante para o éxito das políticas públicas."

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe esta dirección xeral, **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.**

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 02/07/2026 10:31:08

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Bt1o6kAn8Ga1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica